



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 14 de xaneiro de 2021**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego (online)  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día catorce de xaneiro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(17).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(18).-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL SOBRE O RECURSO PRESENTADO POR INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS, S.L. CONTRA ADXUDICACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE APERTURA, CONTROL, MANEXO DE EQUIPAMENTOS E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DE DEPORTES. EXPTE. 3275/611.**

Dáse conta do informe-proposta de data 11/01/2021, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 3/2021 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 225/2020, interposto por INTEGRAMANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS, CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO - GALICIA, S.L. contra o acordo de adxudicación do contrato para a prestación dos servizos de apertura, atención ao público, control, manexo de equipamento técnico das instalacións e peche das instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes, expediente 3276-611 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL estima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Estimar o recurso interposto por INTEGRAMANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS, CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO - GALICIA, S.L. contra o acordo de adxudicación do contrato para a prestación dos servizos de apertura, atención ao público, control, manexo de equipamento técnico das instalacións e peche das instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes, expediente 3276-611 do Concello de Vigo.
2. Levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP .

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **3(19).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA, FASE 2”. EXPTE. 4703/443.**

Visto o informe de fiscalización do 11/01/21, dáse conta do informe-proposta de data 30/12/2020 asinado polo xefe do Servizo administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- Como resultado da resolución do 18 de marzo de 2019 do Segundo Tenente Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, autorizando o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a prol da empresa G.O.C. S.A., presenta borrador do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA, FASE 2”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. José Ramón Fernández Ceballos, cun orzamento base de licitación máis IVE de 749.293,61 euros.

II.- A empresa G.O.C., S.A., preséntase o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA, FASE 2” para a fase de supervisión, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. José Ramón Fernández Ceballos, cun orzamento base de licitación máis



## Concello de Vigo

IVE de SETECENTOS CORENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (749.293,61 €) e data decembro de 2020 e con data da sinatura dixital de 22 de decembro de 2020.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 25.05.2020, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 27 de maio de 2020 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- O devandito proxecto comprende as obras de humanización da Rúa Colombia, fase 2, mantendo unha coherencia estética coas actuacións xa executadas no entorno e realizando unha renovación íntegra de pavimentos e servizos. As obras proxectadas pódense resumir nas seguintes

- Mellora e reposición da pavimentación das beirarrúas, incluíndo a creación dunha praza na confluencia coa Rúa San Roque. Pavimento: losa de granito flameado, de 60 x 40 x 6 cm, sobre capa de mortero de formigón M-450 de 5 cm máximo de espesor. Bordo: de granito flameado de 20 x 22 cm., con chaflán de 2 x 2 cm. Sobre base de formigón Hm-20 de 15 x 25 cm, encintado con mortero de formigón M-450.
- Mellora da xardinería e do mobiliario urbano.
- Instalación dunha nova rede para rego.
- Mellora da eficiencia lumínica coa proposta dunha nova rede de alumeadado.
- Substitución da rede de saneamento unitaria por unha rede separativa realizando a renovación da rede de saneamento e executando unha nova rede de pluviais.
- Renovación do paquete de firmes creando zoas de aparcamento onde as dimensións da rúa o permitan. Capa de rodadura de 6 cm., de espesor mínimo, con mezcla bituminosa en quente do tipo AC16 surf 50/70 D.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SEIS (6) meses.

V.- A Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emite en data 23.12.2020 informe, indicando o seguinte:

“Xa que a contía do proxecto é superior a 500.000,00 euros, polo tanto, este informe ten carácter preceptivo. Art. 235 da lei 9/2017.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

Aprobar o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA, FASE 2”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. José Ramón Fernández Ceballos, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS CORENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (749.293,61 €) e data decembro de 2020 e con data da sinatura dixital de 22 de decembro de 2020.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **4(20).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA PURIFICACIÓN SAAVEDRA, FASE II (ENTRE TRAVESÍA FOXOS E RÚA ENRIQUE LORENZO)”. EXPTE. 4187/443.**

Visto o informe de fiscalización do 11/01/21, dáse conta do informe-proposta do 29/12/2020, asinado polo xefe do Servizo administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 28.11.2016 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción dun proxecto humanización da rúa Purificación Saavedra -entre Sanjurjo Badía e Enrique Lorenzo a prol da empresa Galaicontrol S.L (B36651487).

II.- Pola empresa GALAICONTROL, S.L., preséntase o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA PURIFICACIÓN SAAVEDRA, FASE II (entre Travesía Foxos e rúa Enrique Lorenzo” para a fase de supervisión, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS DEZASETE MIL SETECENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS ( 317.735,76 €) e data decembro de 2020 e con data da sinatura dixital de 22 de decembro de 2020.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal, en data 02/04/2019, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 03/04/2019 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación na Rúa Purificación Saavedra. Fase 2, entre Travesía Foxo e Rúa Enrique Lorenzo, abarca a totalidade duns 155 m de lonxitude, a rúa ten un ancho aproximadamente de 12,00m de distancia entre fachadas, excepto entre a 2<sup>a</sup> Travesía Foxos e Enrique Lorenzo onde a rúa se estreita aos 9,00 m de ancho, o que supón unha superficie de actuación de 1.735 m<sup>2</sup>.

As obras proxectadas pódense resumir nas seguintes actuacións:

- Renovación completa dos pavimentos.
- Redistribución do espazo.
- Renovación das instalacións de alumado, abastecemento e saneamento.
- Canalización de rede de baixa tensión.
- Execución dunha nova rede de rego.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CINCO (5) meses.

V.- A Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asistencia Municipal. emite en data 28/12/2020 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

A rúa Purificación Saavedra, no tramo obxecto do presente proxecto, está indicada como solo urbano consolidado no planeamento actualmente vixente do concello de Vigo (PXOU 93) e cumpre os requisitos para considerarse incluída en dita clasificación (existencia de zonas reservadas ao tráfico peonil, firmes adecuados, existencia de servizos de abastecemento, saneamento e recollida de augas pluviais, electrificación, gas e telecomunicacións).

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

#### CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

#### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta do informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de



## Concello de Vigo

Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

Aprobar o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA PURIFICACIÓN SAAVEDRA, FASE II (entre Travesía Foxos e rúa Enrique Lorenzo”, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS DEZASETE MIL SETECENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS ( 317.735,76 €) e data decembro de 2020 e con data da sinatura dixital de 22 de decembro de 2020.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta aprobación do procedemento de pago das axudas económicas aos participantes dos itinerarios formativos do proxecto “Vigo pola inserción laboral” para o ano 2021. Expte. 17949/77.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**5(21).-PROPOSTA APROBACIÓN DO PROCEDIMENTO DE PAGO DAS AXUDAS ECONÓMICAS AOS PARTICIPANTES DOS ITINERARIOS FORMATIVOS DO PROXECTO “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL” PARA O ANO 2021. EXPTE. 17949/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 12/01/2021, dáse conta do informe-proposta de data 12/01/2021, asinado pola técnica de xestión (instrución do 11/01/2021) e polo concelleiro-delegado de Emprego, que dio seguinte:

I. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 21 de decembro de 2018, acordou *aceptar a subvención concedida na “Resolución de 13 de decembro de 2018, de la Dirección Xeneral de Cooperación Autonómica y Local, por la que se resolve la convocatoria de 2018 de axudas del Fondo Social Europeo destinadas a entidades locais para la inserción de las persoas máis vulnerables, en el contexto del Programa Operativo de Emprego, Formación y Educación”.*

Na aceptación e resolución encoméndase ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego *a xestión do proxecto “Vigo pola Inserción Laboral” conforme ao establecido na Orde PRA/37/2018, do 16 de xaneiro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación, destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables.*

Na memoria técnica complementaria do proxecto establécese unha oferta formativa conducente á obtención de certificados de profesionalidade, que conteñen módulos de formación específica e prácticas profesionais, que supoñen unha acreditación oficial recoñecida no ámbito educativo e laboral, que permitirá una maior inserción laboral destes colectivos vulnerables. O cronograma estimado dos itinerarios formativos do proxecto, discorrerá ata o 30 de setembro de 2021 e permitirán a incorporación ao proxecto de 315 desempregados/as pertencentes a colectivos vulnerables aos que se lle ofrecerá orientación personalizada, formación axeitada ao seu perfil, necesidades e prácticas profesionais en empresas para así lograr unha acreditación oficial e a inserción social e laboral.

A Resolución da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais, pola que se aproba a convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP- POEFE), de 23 de marzo de 2018 contempla na súa disposición oitava: Gastos Subvencionables, serán subvencionables os gastos derivados do desenvolvemento das actuacións do proxecto, e contemplado no apartado 2.B) Axuda económica aos participantes nos itinerarios, que cubrirá os gastos de asistencia á formación, transporte, manutención, aloxamento e





## Concello de Vigo

conciliación co coidado de familiares, fixando que se achegará unha contía de 13,45 euros por persoa formada e día de asistencia ás accións formativas do proxecto, segundo o Anexo II “Baremo de custes unitarios. Axudas POEFE. Convocatoria 2018” desta mesma convocatoria.

Os participantes terán dereito a recibir esta axuda económica se carecen de rendas ou ingresos, de calquera natureza, iguais ou superiores en cómputo mensual ao 75 por cento do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM). As axudas que perciban por prestacións sociais públicas ou de asistencia social, computan no referido límite do 75%, tal e como establece a Resolución da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se modifican as Instrucións Xerais para a execución dos proxectos cofinanciados con axudas AP- POEFE do Fondo Social Europeo 2014-2020, destinadas a Entidades Locais para a Inserción de colectivos desfavorables de 20 de xaneiro de 2020.

II. A estes efectos o Servizo solicitou a xeración de crédito na partida 2410.4800015 Becas-Axudas\_Proxecto “Vigo pola Inserción Laboral” por importe de 154.413,68€ estimando o número de accións formativas a desenvolver na anualidade, o número de beneficiarios/as de cada edición, a duración en meses, o importe máximo da bolsa a cobrar cada mes que é de 295,90 €, segundo consta no presuposto do proxecto, conforme ao seguinte desglose para o ano 2021:

ITINERARIOS FORMATIVOS	EDICIÓNS	ALUMNOS/E DICIÓN	ALUMNOS TOTAL
ACTIVIDADES AUXILIARES DE COMERCIO (COMT0211): 270h_Iniciado o 30/11/2020	1	7	7
ACTIVIDADES AUXILIARES DE COMERCIO (COMT0211): 270h	1	15	15
OPERACIÓNS BÁSICAS DE CATERING (HOTR0308): 250h_Iniciado o 09/12/2020	1	10	10
OPERACIÓNS BÁSICAS DE CATERING (HOTR0308): 250h	1	15	15
ACTIVIDADES DE VENDA (COMV0108): 590h_Iniciado o 05/10/2020	1	7	7
ACTIVIDADES DE VENDA (COMV0108): 590h	3	15	45
ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS (SSCS0208): 450h_Iniciado o 09/11/2020	1	9	9
ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ALMACÉNS (COML0210): 390h_Iniciado o 05/10/2020	1	3	3
ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ALMACÉNS (COML0210): 390h	2	15	30
OPERACIÓNS BÁSICAS DE COCIÑA (HOTR0108): 350h_Iniciado o 13/10/2020	1	5	5

ITINERARIOS FORMATIVOS	EDICIÓN	ALUMNOS/EDICIÓN	ALUMNOS TOTAL
OPERACIÓN BÁSICAS DE COCINA (HOTR0108): 350h	4	15	60
ACTIVIDADES DE XESTIÓN DO PEQUENO COMERCIO (COMT0112): 530h	2	15	30
SOLDADURA OXIGÁS E SOLDADURA MIG/MAG (FMEC0210): 600h_Iniciado o 14/12/2020	1	10	10
SOLDADURA OXIGÁS E SOLDADURA MIG/MAG (FMEC0210): 600h	1	15	15
<b>TOTAL</b>	<b>14</b>	<b>15</b>	<b>261</b>

En base ao proxecto aprobado e, para a determinación dos usuarios/as con dereito a beca, o importe máximo mensual e diario e a forma de pago, propónse aprobar o seguinte procedemento:

1. Os participantes terán dereito a recibir esta axuda económica se carecen de rendas ou ingresos, de calquera natureza, iguais ou superiores en cómputo mensual ao 75 por cento do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM).

Para acreditar o importe das rendas ou ingresos, os participantes achegarán a seguinte documentación:

- Certificado do Servizo Público de Emprego Estatal (SPEE) de estar rexistrado como desempleado e non figurar como beneficiario dunha prestación ou subsidio de desemprego.
- Declaración responsable do participante de non percibir rendas ou ingresos mensuais, iguais ou superiores ao 75% do IPREM vixente.

2. O importe máximo mensual por beneficiario/a das becas-axudas para a anualidade 2021 será de 295,90 euros (13,45 euros/diarios x 22 días laborais).

3. O importe máximo diario das becas-axudas por beneficiario/a para a anualidade 2021 será de 13,45 euros.

4. O pago da beca farase en función dos días de asistencia ás actividades de formación específica (certificado de profesionalidade), formación transversal e complementaria presencial, orientación/titorías e prácticas profesionais non laborais.

5. As faltas de asistencia non se aboarán, tanto as xustificadas como as non xustificadas.

6. Dado que a maioría dos participantes se atopan en situación de desemprego e non cobran ningún tipo de prestación ou subsidio, sendo importante o cobro da bolsa-axuda para o seu sustento económico, faise necesario que o **pago destas bolsas se faga a mes vencido** dentro do listado de nóminas de persoal para evitar os atrasos no seu cobro.



## Concello de Vigo

7. Para o pago destas bolsas desde a dirección do proxecto remitirase á **Intervención Xeral Municipal antes do día 5 de cada mes** a documentación relativa á asistencia dos cursos, que inclúe o informe da asistencia ás actividades de formación dos participantes coas contías que se lles deben pagar en función da asistencia e segundo as circunstancias persoais.

En aplicación dos criterios anteriormente descritos (contía máxima, número de posibles beneficiarios/as, duración da beca-axuda e procedemento de cálculo), estímase, para a anualidade 2021, un custe aproximado inicial en concepto de becas-axudas para o programa **“Vigo pola inserción laboral”** de **154.413,68€** (Cento cincuenta e catro mil catrocentos trece con sesenta e oito euros).

O pagamento das becas-axuda do presente ano poderá facerse con cargo á partida 2410 4800015 "Becas-Axudas\_Proxecto “Vigo pola inserción laboral”.-2021

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Autorizar o gasto por importe de Cento cincuenta e catro mil catrocentos trece con sesenta e oito euros (154.413,68€) para facer fronte as becas-axudas que se devenguen no exercicio 2021, pola asistencia ás distintas accións (formación específica -certificado de profesionalidade-, formación transversal e complementaria presencial, orientación/titorías e prácticas profesionais non laborais) dos/as participantes no proxecto “Vigo pola inserción laboral”, con cargo á partida orzamentaria 2410 4800015 “Becas-axudas\_Proxecto “Vigo pola inserción laboral”.-2021

**SEGUNDO:** Aprobar o importe máximo das becas-axudas que para a anualidade 2021 será de **295,90 euros/mes** e de **13,45 euros/día** .

**TERCEIRO:** Aprobar para a anualidade 2021 o procedemento de pago das becas-axuda para os/as participantes do Programa, consistente en remitir mensualmente á Intervención Xeral municipal antes do día cinco de cada mes para a súa inclusión dentro do listado de nóminas de persoal, a seguinte documentación:

Informe da xefatura do Servizo, de asistencia ás actividades de formación dos/as beneficiarios do programa, en base ao seguimento que se levará a cabo a través das correspondentes sinaturas, e contías que se lle deben pagar aos/ás participantes na formación, en función dos días de asistencia e segundo o procedemento de cálculo establecido, facendo así efectivo o pagamento destas becas-axudas a mes vencido, durante a súa participación no proxecto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(22).-ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez